

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 23 de xuño de 2016 pola que se amplía o prazo de execución dos proxectos e para solicitar o cobramento establecido na Resolución do 28 de decembro de 2015 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 247, do 29 de decembro de 2015, publicouse a Resolución do 28 de decembro de 2015 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva (Galicia Emprende).

No punto quinto da resolución establécese que para aqueles proxectos cuxo prazo máximo de execución sexa o 30 de xuño de 2016, o beneficiario deberá presentar a solicitude de cobramento como máximo o 11 de xullo de 2016.

Tendo en conta que as solicitudes de axuda presentadas excederon as previsións e que a avaliación e resolución destas solicitudes require maior tempo, parece oportuno ampliar os devanditos prazos.

Por todo o anterior, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e dado que non se causan prexuízos a terceiros,

RESOLVO:

Artigo 1

Ampliar ata o 31 de outubro de 2016 o prazo máximo de execución dos proxectos que rematen no ano 2016, previsto no punto quinto da Resolución do 28 de decembro de 2015 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia



2014-2020. O beneficiario deberá presentar a solicitude de cobramento como máximo o 10 de novembro de 2016.

Artigo 2

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2016

Javier Aguilera Navarro
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

CVE-DOG: oza2d648-mck7-ve04-ccj7-dejqaz469r6

